



**HORNOS DE LAMASTELLE S.A.** pertence ó grupo de iniciativas de economía social, Galega de Economía Social, S.L. (**GES**) e á Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (**ASPRONAGA**). É unha empresa dedicada á fabricación artesanal de empanadas e doces e cumpre cunha dobre función: dar un produto de calidade e favorecer, coa realización desta actividade produtiva, a integración laboral das persoas con diversidade funcional.

A organización comprométese a seguir realizando produtos cuxo nivel de calidade sexa cada vez máis competitivo fronte a outras empresas do sector e adecuado ás necesidades dos clientes. Por iso, prevense e corríxense as causas de posibles problemas que poidan dar lugar a produtos ou servizos defectuosos ou non conformes coas necesidades dos clientes.

A Xerencia asume a responsabilidade de seguir mantendo e actualizando o Sistema de Xestión da Calidade de acordo cos requisitos establecidos na norma ISO 9001 e como marco de referencia o estándar IFS, comprometéndose a:

- Cumprir os requisitos legais que lle apliquen así como outros requisitos ós que se someta voluntariamente.
- Enfoque ó cliente e satisfacer os requisitos do produto contratado.
- Responsabilidade medio ambiental para de reducir o seu impacto dentro do marco da lei.
- Responsabilidade ética e laboral co fin de axudar a persoas con discapacidade, darlle a formación e cualificación necesaria para un eficaz desempeño, en condicións de traballo seguras.
- Acordos de colaboración e cooperación con provedores e distribuidores, mantendo os requisitos acordados.
- Cumprir e revisar os obxectivos de calidade, establecendo indicadores asociados ós procesos claves, os cales permiten implantar accións correctivas e preventivas, buscando a mellora continua e asegurar así o futuro da empresa.
- Nomear un Director de Calidade (que asuma as funcións de Responsable de Inocuidade Alimentaria) e un Responsable de Comunicación Externa, asumido pola propia xerencia.

A Dirección está totalmente involucrada na aplicación desta Política e a revisa periodicamente. Tamén a comunica a todo o persoal, asegurándose de que a entenden e aplican conxuntamente con tódalas directrices e procedementos que emanan do Manual, considerándoos de obrigado cumprimento en tódalas áreas e equipos de traballo.

  
Manuel Santos Lamas  
Xerente de HORNOS DE LAMASTELLE

  
Mª Teresa Gutiérrez Roselló  
Director Xeral de GES